

OLGA PATIÑO

NOGUEIRA



Grazas, Bassi

O pasado xoves estiven en Santiago de Compostela, disfrutando do espectáculo deste visionario dun inmediato futuro, do presente que se precipita e do sangue que percorre as veas do pasado. O seu monólogo transgresor ávido de vida, de respostas coherentes, sen prepotencia ferinte, encheu o espazo dunha atmosfera osixenada, lonxe do exilio que engorda ás bestas dunha tiranía capitalista. Di Confucio: "Os intelectuais teñen a obriga de velar polo benestar do pobo". Bassi está habitado polo intelecto dun bufón poliédrico que corre tras a liberdade de expresión coa finalidade de espertar conciencias. Bassi aduce e seduce coa súa xenialidade errante. É un Dionisos filosófico que nos asevera que xamais hai que baixar a garda nesta sociedade do aparente benestar, onde se instalou con fortes tentáculos un baleiro atroz, onde nos consumimos consumindo baixo a bandeira dun capitalismo engulidor. Bassi é auga fonda que nos puxo fronte ao espello para vérmonos reflectidos como o que o somos ou soñamos que somos. O bufón humanista que tensou a corda do arco ata extrema, a emoción estaba servida, zarandéounos pero non chegou a rachar a corda, a opción é nosa. Bassi crea una extrana alquimia entre o pasado, e o presente "acadando" un hipotético futuro. Nin cae el, nin fai que te precipites no abismo, pola contra móvese dende diferente ángulos, é demasiado potente para permanecer na agonía dos seus vértices. Do mesmo xeito que Pessoa, Bassi é un escéptico en todos os credos e futuros, pero hai algo na súa sombra-oráculo, algo que mora na súa ollada e que transmite autenticidade, vulnerabilidade e unha chispa de esperanza: mentres esteamos vivos sempre hai posibilidade de modificar a realidade. El non se proclama destino, o público o fixemos destino. Os depredadores apodéranse de todo, incluídos os nosos soños, pero aí está Bassi, o *clown*, o bufón para cinguirnos como un vento tolo do nor-dés, un remuíño de ecuanimidade, ebrio de sentido común. Grazas, Bassi por non ter sucumbido á necidade, por axudármonos a recuperar o ímpeto perdido para catapultármonos a un universo diferente onde os ríos teñen auga de anchura inmensa, e polas noites de verán mentres os grilos cantan na terra, unha choiva de fogos artificiais semella caer do ceo como pingas escintilantes de esperanza que aínda non foron malogradas.

Olga Patiño Nogueira é profesora, poeta, actriz e directora de teatro